



Nun contexto de inflación desbocada e dificultades crecentes para cubrir necesidades básicas como as do acceso á vivenda, a alimentación ou a enerxía, precisamos administracións fortes que actúen onde son precisas.

Os orzamentos constitúen a principal ferramenta da administración. Os gobernos locais teñen a obriga, segundo a normativa de Facendas Locais, de formular e aprobar os seus presupostos para que estean en vigor o 1 de xaneiro de cada novo ano.

Ao longo deste mandato, agás cando a alcaldesa o fixo imposible, como en 2020, a Marea Atlántica facilitou a gobernabilidade e a aprobación das contas a cambio da incorporación das nosas prioridades: medidas para unha cidade xusta, verde, feminista e democrática.

O balance é insatisfactorio. Executáronse importantes acordos, pero outros, decisivos, seguen no caixón. A cidade gaña cando o goberno municipal cumpre coa Marea Atlántica. Cando non é así, perdemos todos e todas. Tamén a alcaldesa e a súa credibilidade.

Quedan dez días para rematar este 2022. É un feito: o Concello da Coruña vai comezar o novo exercicio sen orzamentos. A tal hora, o goberno de Inés Rey nin sequera formulou unha proposta nin abriu o diálogo na procura dos apoios que precisa.

Quen paga a factura desta pasividade é A Coruña. A súa cidadanía, especialmente a que máis precisa das institucións, pero tamén as entidades sociais que dependen dun convenio ou as políticas e proxectos que necesitan financiamento.

Ante esta situación, por responsabilidade, dende a Marea Atlántica trasladámoslle á alcaldesa estas

DEZ PROPOSTAS PARA ABRIR A NEGOCIACIÓN DOS ORZAMENTOS DE 2023

1.- Declaración inmediata dunha **moratoria dun ano na implantación de pisos turísticos** para impulsar a súa regulación mediante modificación do PXOM.

2.- Convocatoria do **concurso de compra de vivenda** para incrementar o parque municipal e adopción de medidas urxentes para frear a alza dos alugueres.



- 3.- Aumento mínimo dun **9% nas contías da Renda Social Municipal e as Axudas de Emerxencia Social** para compensar o impacto da inflación.
- 4.- Publicación do **Mapa das Enerxías Renovables** para impulsar a xeración pública eléctrica de autoconsumo na propia cidade.
- 5.- Suspensión da concesión de licenzas de **casas de apostas** para impulsar unha modificación do PXOM e establecer distancias mínimas aos equipamentos vulnerables.
- 6.- Garantir que nin os **convenios coas entidades sociais** nin os **fondos precisos para a implantación da AESIA** se van ver afectados pola negociación e poderán ser obxecto dun modificativo de crédito a comezos do novo exercicio.
- 7.- Desbloqueo dos **novos equipamentos nos barrios** previstos no acordo orzamentario de 2022, como a biblioteca de Novo Mesoiro ou o centro de día e escola infantil en Xuxán.
- 8.- Formulación de **alegacións ao proxecto de ampliación da Ponte da Pasaxe** para mellorar as mobilidades peonil e ciclista e implantar medidas adicionais en favor do transporte público colectivo e que reduzan o uso de vehículos privados motorizados.
- 9.- Constitución da comisión para o estudo da **remunicipalización das bibliotecas** municipais de xestión privada, á que se incorporarán as representantes das traballadoras.
- 10.- Convocatoria da **Mesa de Alcaldes e Alcaldesas da Área Metropolitana** para a abordaxe conxunta da xestión dos residuos e a planificación da mobilidade.

A Coruña, a 21 de decembro de 2022